

# NORMAS

# OPEN DE ANDAINAS POPULARES (COPA GALEGA DE ANDAINAS DE 25KM) DISTANCIA 25 km PROGRAMACIÓN

Probas para 2022:

**7 Probas.**

Datas:

Segundo calendario. Domingos entre xaneiro e decembro.

**27/02/2022 – Noia25km** – Org. Trabandainas  
**06/03/2022 – Marín25km** – Org. Concello de Marín  
**20/03/2022 – Andaguláns25km** – Org. A.C. Guláns  
**02/10/2022 – Barbanza25km** – Org. Vintedouspés  
**16/10/2022 – Ponteareas25km** – Org. Concello de Ponteareas  
**30/10/2022 – Vigo25km** – Org. Xistra  
**13/11/2022 – OBarco25km** – Org. Peña Trevinca-Barco

# CLASIFICACIONES – RANKING

**Novidade 2022:**

Acordouse que nas probas de 2022 do VII Open de Andainas de 25 km non haberá ranking de regularidade que rematen tódalas probas organizadas do ano.

# PREZOS

O prezo das inscricións en **2022** será o seguinte:

**Federados FGM e/ou FEDME: 10 €**  
**Resto de participantes: 13 €**

Poderán participar menores de idade a partir dos 14 anos e sempre que tamén participe e os acompañe a

O sistema de inscricións será a través de web con pago mediante tarxeta de bancaria, **pechándose a inscrición inmediatamente anterior á proba. Non se poderá pagar na proba.**

Salvo causa de forza maior **non serán devoltos os importes cobrados das inscricións.**

En ningún caso os importes pagados para unha proba poden destinarse á inscrición noutra proba.

# ACTIVIDADE

# ORGANIZACIÓN

Os Organizadores serán clubs ou asociacións pertencentes á Federación Galega de Montañismo, ou outras asesoradas por estes clubs. Aportarán os trazados e os voluntarios precisos para realizar cada unha proba (preferiblemente o seu Presidente), que será o interlocutor coa Coordinación.

A páxina web da competición, os prezos de participación e o sistema de inscricións, son acordados conxuntamente polos Organizadores, e delegada a súa xestión ó Coordinador Xeral ou persoas nomeadas polos organizadores. Os puntos de inicio, servizos, seguros deportivos, premios e trofeos de cada proba serán por conta de cada club.

Para o ano 2022 establécese como Coordinador Xeral a Henrique F.C. (Xistra).

# SAÍDA, CONTROIS INTERMEDIOS E CONTROL FINAL

As probas serán realizadas os domingos. Non está permitido correr.

O horario de inicio en 2022 será entre as 08:30 e as 9:30h a.m. (fiestra de saída).

A saída será sempre aberta por protocolos Covid, e mantendo as distancias recomendadas, podendo iniciar a proba o deportista estea acreditado; salvo que por fundados motivos de organización sexa preciso realizala por etapas.

O tempo mínimo para realizar os 25 km será de 4 horas (6,25 km/h)

O tempo máximo será de 6 horas (4,2 km/h).

En 2022 non haberá control de tempos. Os deportistas que cheguen antes de 4 horas ou sobrepasen as 6 horas serán descalificados.

Os tres (3) controis de paso intermedios estarán distribuídos cada 6,25 km aproximadamente, sen que en función da distancia e das velocidades máxima e mínima permitidas estableceranse fiestras temporais de paso. Poderán existir controis sorpresa. A situación dos controis de paso non será revelada polos Organizadores durante a celebración do evento.

Os deportistas que cheguen antes da hora de apertura ou despois da hora de peche a calquera control que non sexa o control final, non terán dereito a puntuar nesa proba.

O control final, en función da distancia real da proba, abrirá aproximadamente ás 12:30h e pechará ás 15:00h.

No control final tódolos deportistas que estean clasificados nas probas oficiais de 25 km recibirán un diploma.

Aqueles deportistas que desexen abandonar a proba deberán achegarse ata un control e notificar o seu abandono para recibir o diploma.

# PREMIOS

No ano 2022, por eliminar temporalmente o sistema de regularidade, haberá un único premio por participación en Open, que se recibirá unha vez finalizada a tempada.

## PREMIOS POR PROBA

En 2022 non haberá premios por proba.

## PREMIOS DA COPA

Os avituallamentos líquidos serán en vaso ou a granel, polo que cada participante deberá levar unha cantidade nos controis. Esta medida está pensada para evitar contaminación con residuos de bebidas e por protocolo mesmo coa comida.

No control final deberá haber un sistema de comunicación. Deberá estar convenientemente sinalizado, por exemplo, un arco de meta ou outras estruturas.

O control final disporá do material necesario para controlar o remate de cada deportista